

DEPARTAMENTO DE PEDAGOXÍA E DIDÁCTICA

IV CONVOCATORIA DE PREMIOS A TESES DE DOUTORAMENTO EN EDUCACIÓN 2025

BASES

Primeira. Obxectivo e Ámbito de Aplicación

O obxectivo destes premios é contribuír ao recoñecemento daquelas teses de doutoramento en Educación feitas no marco dos programas nos que participa profesorado e/ou grupos de investigación do departamento, que teñan acadado unha cualificación de 'Sobresaliente Cum Laude', e foran defendidas na USC entre o día **11 de decembro de 2024** e o **10 de decembro de 2025**.

Segunda. Destinatarios/as

Estes premios serán concedidos a todas aquelas persoas que teñan defendido publicamente a súa tese de doutoramento nalgún dos programas en Educación da USC, e cuxa dirección correse a cargo, como director/a ou co-director/a, de profesorado adscrito ao departamento de Pedagogía e Didáctica, a través das tres áreas de coñecemento que o integran: Teoría e Historia da Educación (THE), Didáctica e Organización Escolar (DOE) e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación (MIDE).

Terceira. Contía dos Premios

Os premios están dotados con 1500 €, que serán distribuídos a 300 € (importe bruto) por solicitantes se estes non superan o número de 5 persoas. Se hai máis de 5 solicitantes, a totalidade do fondo será dividido entre todos/as de forma equitativa. O pagamento realizarase por transferencia bancaria á conta do/a beneficiario/a, con cargo á partida orzamentaria do Departamento. Ao devandito importe seranlle de aplicación as retencións que correspondan segundo a normativa vixente.

Cuarta. Solicitudes

As persoas que cumpran os requisitos antes mencionados (tese defendida na USC entre o día 11 de decembro de 2024 e o 10 de decembro de 2025, cualificación da tese "Sobresaliente Cum Laude" e director/a ou codirector/a adscritos as áreas do Departamento de Pedagogía e Didáctica) que estean interesadas no premio, deberán presentar, en tempo e forma, a súa solicitude cumprimentando o formulario do Anexo. A presentación poderase facer de xeito presencial na sede administrativa do departamento (Facultade de Ciencias da Educación, Campus Vida), ou mesmo enviando a solicitude por correo electrónico a departamento.pedagogiaedidactica@usc.es, indicando no Asunto "Premios a Teses Doutoramento 2025".

A solicitude irá dirixida á dirección do departamento de Pedagogía e Didáctica da USC, xunto coa seguinte documentación:

- Unha (1) copia da tese en formato PDF.
- Documento acreditativo expedido pola USC da cualificación da tese como 'Sobresaliente Cum Laude'.
- Documento xustificativo do gasto realizado (non se admitirán gastos protocolarios).

Quinta. Prazo de Presentación de Solicitudes

O prazo de presentación ábrese coa publicación desta convocatoria no taboleiro electrónico de anuncios da USC, e quedará pechada, de xeito improrrogable, o día **15 de decembro de 2025**.

Sexta. Comunicación dos Premios

A dirección do departamento publicará os premios concedidos a través da correspondente resolución no taboleiro electrónico de anuncios da USC, na páxina web do Departamento [/www.usc.gal/gl/departamento/pedagogia-didactica](http://www.usc.gal/gl/departamento/pedagogia-didactica)), e mesmo a través de correo electrónico individualizado a cada persoa beneficiaria.

Sétima. Aceptación das Bases

A participación na convocatoria destes premios supón necesariamente a aceptación do exposto nestas Bases.

En Santiago de Compostela, a 18 de novembro de 2025

María del Mar Sanjuan Roca

Directora do Departamento de Pedagogía e Didáctica da USC

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

ANEXO

Formulario de Solicitud de Participación na **IV Convocatoria de Premios a Teses de Doutoramento** **en Educación 2025** **(Departamento de Pedagogía e Didáctica da USC)**

Nome e apelidos:

DNI/NIE:

Nacionalidade:

Domicilio fiscal:

Título da Tese:

Director/a e/ou Codirector/a da Tese:

Data de Defensa da Tese:

Cualificación obtida:

Denominación do Programa de Doutoramento:

Teléfono (móbil) de contacto:

Correo electrónico:

En _____, a ____ de _____ de 2025

Sinatura do/a interesado/a:

Dirección do Departamento de Pedagogía e Didáctica da USC